



180196237

10/12/18



Sr. Abel Caballero. Alcalde de Vigo.

Asunto: Reclamación orzamento xeral do Concello de Vigo, incluír nova partida de construción parque infantil en Teis.

Antonio Collazo Collazo, en calidade de presidente da Asociación Veciñal de Teis, con enderezo a efectos de notificación na rúa Gerardo Campos Ramos 2. Teis. 36207.Vigo.

Expón:

Que o pasado 16 de novembro de 2018, publicouse no boletín oficial da provincia de Pontevedra nº 221, o anuncio polo que se somete a información pública o orzamento xeral do Concello de Vigo para o exercicio de 2019.

Que estudada a documentación do orzamento xeral, observamos que non figura ningunha partida que recolla a construción dun novo parque infantil no barrio de Teis.

Desde fai anos vimos denunciando que os parques infantís existentes son insuficientes para atender as necesidades das familias do barrio.

Esta asociación incluso ten sinalado terreos municipais abandonados que poderían destinarse como parque infantil ou ampliar o existentes. A mellora do parque infantil de Pedro Alvarado, en execución na actualidade non é suficiente para atender a demanda.

Polo que entendemos que debe incluírse unha nova partida de construción dun parque infantil en Teis, por un importe de 400.000 euros.

Solicita:

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluír unha nova partida, "**construción parque infantil en Teis**" de 400.000 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 4320-2279902, " promoción turística destinos rotas aéreas Ryanair " ficando esta partida de 1.681.715,47. euros en 1.281.715,47 euros.

Vigo, 10 de decembro de 2018.

Antonio Collazo Collazo

Presidente da Asociación Veciñal de Teis



Asociación Veciñal de Teis
CIF: 636646545

Gerardo Campos Ramos, 2 • 36207 TEIS • Vigo • Tel. e Fax: 986 261 289 • avvteis@hotmail.com • www.avvteis.org



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 12/12/2018 13:10

Páxina 1 de 1

Documento 180196237

CSV: 2DE853-C6B2DC-5HD942-86V5Y2-HW79Z3-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>